

## PEZA DO MES

setembro

2000


---



### XARRIÑA CERÁMICA

XARRIÑA CERÁMICA DE CARACTER VÓTIVO, PROBABLEMEN-  
TE DE FINAIS DO SÉCULO XIII, PROCEDENTE DO *FORNO DA  
SANTA* EN SANTA MARIÑA DE AUGAS SANTAS, ALLARIZ.





FORMAS REPRESENTATIVAS DO TIPO PRIMEIRO DO CONXUNTO CERÁMICO DO FORNO DA SANTA

## XARRIÑA CERÁMICA

Esta pequena xarra cerámica é unha das moitas, perto de cento cuarenta, aparecidas en bó estado de conservación no curso dos traballos arqueolóxicos que se realizaron nos anos finais da década dos cuarenta no Forno da Santa, en Santa Mariña de Augas Santas, Allariz.

Pouca novas detalladas existen da súa descuberta, xa que tanto Xaquín Lorenzo como Chamoso Lamas nos seus traballos sobre o monumento e conxunto artístico, publicados ambos dous en Cuadernos de Estudios Gallegos, as mencionan de pasada, caracterizándoas ademais como “pertencentes a unha etapa avanzada da romanización”, sen entrar en máis precisións. Despois, Monteagudo ó dar conta das tampas de estola aparecidas no Forno dí: “Monumento soterrado chamado “Forno da Santa”, de orixe prerromano, utilizado en época romanas (135 cacharritos para agua lustral) y germánica”. As informacións verbais sitúan o achado do conxunto cerámico no depósito de augas, descrito como “piscina”, no interior da cripta ou forno da Santa, nas abas do sur do castro ou cidade de Armea, pero outros informantes, antigos traballadores das escavacións, falan de que aparecen tamén fora, nos canos. En calquer caso, vencellados claramente a unha utilización das augas do lugar.

Consideradas como romanas ou xermánicas, como acabamos de indicar, o conxunto destas pezas, das que hoxe destacamos unha das dúas que

se conservan no Museo, pasaron durante moito tempo desapercibidas. Sen embargo, unha análise máis detallada permitiu a súa identificación como unha mostra moi ilustrativa da tecnoloxía e tipoloxía das formas cerámicas da Idade Media, dos século XIII e XIV, o que hoxe as atribuímos sen dúbidas fronte ás consideracións iniciais.

Trátase dunha peza pequena, de cor gris, de once cm de alto e sete de diámetro máximo, cun corpo caseque globular, colo moi marcada e labio desenvolvido en vertical e amplo, troncóncico invertido, cunha asa, e, perto dela, tres incisións alineadas en vertical, resultando representativa do conxunto recollido no seu día nas escavacións e, máis aínda, dun dos seus grandes tipos formais.

Caracterízase este amplo conxunto pola cor das súas pastas, gris pérola - resultado dunha coción reductora a unha temperatura de oitocentos grados-, micácea, con degradante orgánico visible -pequenos carbóns-; pola textura externa -irtas ó tacto-, e pola factura cun torno que produce grandes irregularidades. Hai tamén unha coincidencia na decoración, moi limitada formalmente, e que abrangue incisións formando grupos ou alineacións tanto verticais como horizontais, liñas incisivas paralelas, caseque sempre ondulantes, e unculacións. Tamén, agás unha media dúcia de excepcións, o tamaño é coincidente, entre os nove e once centímetros de altura.

Dentro do conxunto parece posible establecer tres tipos xerais dacordo coa súa morfoloxía. O máis numeroso, caseque dous tercios das pezas, o integran pezas semellantes a que hoxe serve de peza do

mes; isto é, xarriños de corpo caseque globular, colo moi marcado e boca tronocónica invertida de labio liso e recto. Ten fondo liso ou lixeiramente cóncavo e posúen unha asa que vai dende a carena do corpo ó inicio da beira, de sección caseque circular, lixeiramente aplanada. Pódense establecer variantes se atendemos á decoración, na que se presentan todas as modalidades xa reseñadas, algunhas veces combinadas.


Un segundo grupo, numeroso, que acada un quinto das pezas recolleitas, o forman tamén xarriños, caseque cilíndricos, cun colo apenas sinalado por un estrangulamento e labio recto e vertical. Teñen asa que arinca na metade do corpo e se achega á boca, con sección caseque circular. Son na súa meirande parte lisos, pero hainos tamén decorados con incisións, alineadas ou non, e con liñas que percorren o corpo.

suliñamos o feito de ser un monumento de orixe prerromano e que, polo seu vencello coa lenda, adquiriú co paso do tempo un evidente carácter de culto martirial, que se mantén vivo e que se desenvolveu con meirande forza nos séculos centrais da Idade Media.

O feito de ter aparecido as xarriñas no depósito de auga, ou no seu sumidoiro, que para o caso é o mesmo, outorgalles un claro carácter de ofrenda, dentro dun ritual que descoñecemos - iste carácter xa foi indicado por Monteagudo- no que parecen ter servido para beber e logo depositarse.

Escápansenos, con todo, as razóns do uso e o por que do seu depósito, aínda que o lugar do seu encontro e o carácter milagreiro das augas santas, suxiren claramente o seu carácter de ofrenda, dentro dun ritual vencellado co culto da mártir Santa Mariña.

A cronoloxía é claramente medieval. Así o evidencia o análise formal -a súa factura, forma e carac-



FORMAS REPRESENTATIVAS DOS TIPOS SEGUNDO E TERCEIRO DO CONXUNTO CERÁMICO DO FORNO DA SANTA

Un tipo terceiro, numericamente menos significativo, forman oliñas de corpo redondeado, colo alto e marcado e borde curto e lixeiramente exvasado. A asa arinca da metade do corpo e remata no labio, presentando ademais sección rectangular. Os exemplares de meirande tamaño, que chegan ata os vinte ou vintecinco centímetros de alto corresponden a este tipo e presentan tamén nalgúns casos pico vertedor.

O lugar onde se atopou é o interior do Forno da Santa, no conxunto monumental da coñecida como Basílica da Asunción nas inmediacións da cidade de Armea, onde se localizan as probas do martirio que, segundo a lenda piadosa, sufriu Santa Mariña, a titular da parroquia e mártir. As características deste singular monumento e conxunto sobrepasan as posibilidades de seren descritas e contempladas no presente comentario, polo que brevemente

terísticas hoxe ben coñecidas-, pera coidamos que mesmo polo feito do ter aparecido en relación co depósito de auga, dentro do Forno da Santa, previsiblemente cando se utilizaba coma unha cripta e como lugar de culto en relación coa construción da basílica que se escomeza no lugar nos finais do século XIII ou na primeira metade do XIV, refórzase esa atribución cronolóxica.

A nosa peza do mes ingresou no Museo por entrega de dona Olga Gallego Domínguez, naméntas que o seu par o fixo por xestión de don José González. Na casa parroquial de Santa Mariña aínda están outras e o que foi depósito provisorio durante os traballos arqueolóxicos para logo traelas ó Museo convertiuse de facto en definitivo.



## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.  
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

### PEZA DO MES:

Presentación o 2º sábado de cada mes ás 12:00 h. e ás 19:00 h.

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Francisco Fariña Busto. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.  
DEBUXOS: Arquivo do Museo. MAQUETA: Araceli Gallego. DEPOSITO LEGAL: VG-165-2000



CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99  
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

